

## artes plásticas

**Técnicas Artesanais** dirixidas a persoas maiores de 16 anos. As técnicas que traballarán os/as participantes serán entre outras: Confección e repuxado de pezas de coiro e peles, arte floral (con flor seca e elementos naturais), restauración de mobeis de pequeno tamaño (pintado, decapado, teñido, stencil, chlk-point...), pirograbado, pintura ao óleo, customizado de prendas de roupa con pinturas, aplicación de abalorios (bolsos, zapatillas...) e pintura sobre seda con bastidor.

**Arte miúda** dirixida a nenos e nenas dos 3 aos 9 anos. 2 grupos por idades. Os/as participantes traballarán distintas técnicas de dibuxo e pintura, utilizando materiais de diferetnes texturas.

## baile

As/os participantes coñecerán as diferentes músicas e aprenderán a bailar diferentes ritmos, salsa cubana, ritmos latinos, danza moderna e baile de salón entre outros, ata desenvolverse de forma correcta nunha pista de baile. A clase constará dunha parte teórica e unha práctica. Está dirixida a maiores de 16 anos.

## teatro

Esta escola incluír á actividades de:

**Teatro Infantil e Xogo Dramático**, na que se van combinar moitos xogos, técnicas e dinámicas. Non se trata de aprender un papel teatral, senón de utilizar o teatro como recurso que lles permita, xogar a como se foses... divertirse, plasmar creacións e emocións, perder o medo, comunicarse a través da linguaxe corporal e xestual. Dirixida dos 3 aos 11 anos en dous grupos.

**Expresión Dramática**. Acollería basicamente cinco vertentes: a expresión (oral e corporal), a imaxinación e a creatividade, a comunicación, o autoconecemento e a abordaxe cultural. Dirixida dos 12 aos 16 anos.

**Grupo Municipal de Teatro**: Dirixido a todas as persoas que teñan xa experiencia teatral, xa que se abordará o proceso de montaxe dunha obra teatral que culminará coa estrea do espectáculo.

### PREZO DOS OBRADOIROS

**Menores de 18 anos: 40 €**

- 2º membro menor de 18 anos: 20 €

- 3º e restantes membros menores de 18 anos: 10 €

**Maiores de 18 anos 50€**

ESCOLA	LUGAR	ACTIVIDADE	IDADE	LUGAR DE IMPARTIÇÃO	HORARIO PREVISTO	HORAS SEMANA	PAZAS
artes plásticas	BERTAMIRÁNS	Arte Miúda	3 a 6 anos	Pazo da Peregrina	Mércores 17:00 - 18:00	1	15
		Arte Miúda	7 a 9 anos	Pazo da Peregrina	Mércores 18:00 - 19:00	1	15
	O MILLADOIRO	Arte Miúda	3 a 6 anos	Casa da Cultura Aula 2 e 3	Xoves 16:30 - 17:30	1	15
		Arte Miúda	7 a 9 anos	Casa da Cultura Aula 2 e 3	Xoves 17:30 - 18:30	1	15
		Manualidades	Maiores 16 anos	Casa da Cultura Aula 2 e 3	Xoves 11:00 - 12:30	1	15
		Manualidades	Maiores 16 anos	Casa da Cultura Aula 2 e 3	Martes 20:30 - 22:00	1,5	15
baile	BERTAMIRÁNS	Baile Salón	Maiores 16 anos	Auditorio Casa da Cultura	Mércores 20:30 - 22:00	1,5	30
	O MILLADOIRO	Baile Salón	Maiores 16 anos	Auditorio Casa da Cultura	Luns 20:30 - 22:00	1,5	30
	O MILLADOIRO	Baile Salón (Nivel Avanzado)	Maiores 16 anos	Auditorio Casa da Cultura	Martes 20:30 - 22:00	1,5	30
teatro	BERTAMIRÁNS	Teatro Infantil e Xogo Dramático	3 a 6 anos	Auditorio Casa da Cultura	Martes 17:00 - 18:00	1	15
		Teatro Infantil e Xogo Dramático	7 a 11 anos	Auditorio Casa da Cultura	Martes 18:00 - 19:00	1	15
		Expresión Dramática	12 a 18 anos	Auditorio Casa da Cultura	Martes 20:00 - 21:00	1	15
	O MILLADOIRO	Teatro Infantil e Xogo Dramático	3 a 6 anos	Auditorio Casa da Cultura	Mércores 17:00 - 18:00	1	15
		Teatro Infantil e Xogo Dramático	7 a 11 anos	Auditorio Casa da Cultura	Mércores 18:00 - 19:00	1	15
		Grupo Municipal	Maiores 18 anos	Auditorio Casa da Cultura	Mércores 20:30 - 22:30	2	15

#### INSTRUCCIÓN DE INSCRIPCIÓN RENOVACIÓN DE PRAZAS E 1º PRAZO INSCRIPCIÓN

**Prazo de inscrición:** do 4 ao 8 de xuño

**Inscrición telemática:** para os inscritos no curso pasado na web [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal). Unha vez formalizada a matrícula na web terán que solicitar a folia de autoliquidación no correo [cultura@concellodeames.gal](mailto:cultura@concellodeames.gal), para ir pagar ao banco ata o día 8 ás 14:00 horas.

**Inscrición presencial:** Casa da Cultura do Milladoiro e Pazo da Peregrina de Bertamirans

**Horario:** das 9:00 ás 14:00 horas

Unha vez formalizada a matrícula, entregaráselle a folia de autoliquidación para ir pagar ao banco.

Neste prazo de inscrición é requisito imprescindible estar empadroado no concello de Ames. Unha vez rematado este prazo se quedan prazas libres poderán optar os non empadroados.

**Calendario:** As clases comezarán na semana do luns 1 de outubro e rematarán o 31 de maio de 2019, segundo corresponda. O Concello de Ames poderá facer as modificacións horarias que estime oportunas por necesidades de programación do Concello.

**Número de inscricións para formar grupos:** para formar grupo será necesario que se cubran a metade máis unha do máximo de prazas ofertadas.



Deputación  
DA CORUÑA

Concello  
de AMES



#### 2º PRAZO DE INSCRIPCIÓN (para novas inscricións nos grupos que queden prazas libres)

**Datas:** do 10 ao 14 de setembro

**Inscrición presencial:** Casa da Cultura do Milladoiro e Pazo da Peregrina Bertamirans

**Horario:** Das 9:00 ás 14:00 horas.

Facilitar os datos persoais do/a inscrito/a e dos pais/titores no caso de menores de 18 anos.

As prazas adjudícanse por sorteo público que se celebrará o luns 17 de setembro ás 09:00 horas na Casa da Cultura do Milladoiro. Non se conceden as prazas por orden de chegada.

As listaxes das persoas admitidas faranse públicas ese mesmo luns a partir das 12:00 horas (taboleiros da Casa de Cultura do Milladoiro, do Pazo da Peregrina).

As persoas que por sorteo obtiveran praza deberán solicitar a folia de autoliquidación nos locais de inscrición ou no correo electrónico: [cultura@concellodeames.gal](mailto:cultura@concellodeames.gal) para ir a pagar ata as 14:00 horas do 21 de setembro.

**Inscrición ao longo do curso:** Neste suposto, o importe da cota será o resultante de multiplicar a tarifa mensual

(incluído o mes da propia inscrición), polo número de meses que resta para rematar o curso.

En casos excepcionais, por resolución do órgano competente e previo informe dos Servizos Sociais, poderase acordar a exención total ou parcial das tarifas. Non se permite a inscrición en máis dun grupo da mesma actividade.

**Baixas:** deberán tramitar por escrito no Pazo da Peregrina de Bertamirans ou na Casa de Cultura do Milladoiro.


Poderase devolver a cota correspondente en supostos de baixa por forza maior (enfermidade acreditada).

Se o alumno/a non acode á clase durante un mes seguido e non xustifica por escrito dita ausencia, poderá ser dado de baixa para ofertar a praza ocupada a outra persoa, sempre e cando haxa persoas en reserva.

#### INFORMACIÓN

Cultura: [cultura@concellodeames.gal](mailto:cultura@concellodeames.gal)

Casa da Cultura do Milladoiro, teléfono 981 535 940



ESCOLAS  
CULTURAIS  
2018

[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)